

XXX

Reclamante: Naviera Mar De Ons S.L
Expediente. Nº **RSCTG 223/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX , mediante escrito do 21 de decembro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX, en representación de Naviera Mar De Ons S.L presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 21 de decembro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con datas 30 de setembro e 19 de outubro de 2022, de acceso á información pública sobre diversas cuestións sobre as entidades, navieiras e non navieiras, integradas no Plan de Transporte Metropolitano.

O reclamante indica que transcorrido o prazo de resposta, non recibiu contestación á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude asinada con certificado dixital de representante de persoa xurídica.

Segundo. Con data do 17 de xaneiro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 20 de xaneiro de 2023.

Terceiro. Con data do 16 de febreiro de 2023 a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade contesta a petición remitindo o informe e copia do expediente tramitado.

No informe, en síntese, indica que tras a finalización do trámite de audiencia aos terceiros interesados de conformidade co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, na que se considerou que ao tratarse de información pública non era preciso darlle traslado ás “empresas non navieiras”, empresas concesionarias do transporte por estrada, dado que os datos son públicos e de libre acceso para calquera cidadán, con data do 26 de xaneiro de 2023, resolveuse conceder o acceso á información pública.

Na resolución facilítaselle ao solicitante as entidades que prestan servizos de transporte marítimo así como as empresas titulares das concesións de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada integradas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nos corredores indicados.

Con relación aos convenios subscritos coas devanditas entidades e os niveis de compensación aprobados de cada unha delas diferenciándoos por corredor e anualidade, indícaselle que unicamente subscribíronse convenios coas entidades navieiras e se lle indica o *link* para o acceso á mesma.

Respecto á data de incorporación das concesións de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia no corredor indicado, se lle indica a ligazón onde pode consultar a información.

En canto á información solicitada relativa ás partidas, créditos orzamentarios e aplicacións orzamentarias correspondes ás anualidades 2015 a 2021, destinadas a financiar os niveis de compensación ao transporte marítimo de cada un dos corredores integrados no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, facilítaselle no corpo da resolución o crédito orzamentario e o gastado por exercicio con cargo á aplicación orzamentaria correspondente. Respecto das axudas ás empresas integradas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia debido á subida dos custos de carburante sufridos no ano 2022, infórmase que non se concederon axudas ou subvencións vinculadas ao transporte metropolitano por ese concepto e como complemento do anterior, infórmase que no exercicio 2022 aprobouse unha compensación de carácter extraordinario e de natureza contractual, aplicable no marco dos contratos de concesión da xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral da titularidade da Xunta de Galicia, sen vinculación tampouco co transporte metropolitano.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda

resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos

responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A entidade interesada solicitou acceso ante a Consellería de determinada información sobre desestimación, diversas cuestións sobre as entidades, navieiras e non navieiras, integradas no Plan de Transporte Metropolitano.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero ditou resolución expresa que notificou á persoa interesada con posterioridade a que esta presentase reclamación ante esta Comisión, facilitándoselle o acceso á información.

De acordo co anterior, procede estimar por motivos formais a presente Reclamación, e sen prexuízo de que si a reclamante o estima conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por XXX, en representación de Naviera Mar De Ons S.L con data do 21 de decembro de 2022, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con datas 30 de setembro e 19 de outubro de 2022, de acceso á información pública sobre diversas cuestións sobre as entidades, navieiras e non navieiras, integradas no Plan de Transporte Metropolitano.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.